

# CONVOCATORIA OFICIAL

A *Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia* (FESSGA), centro formador acreditado pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, para a formación de certificados de profesionalidade, convoca un Curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas para o alumnado xa titulado no Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, e para Técnicos de actividades físico deportivas.

Este curso ten unha duración de 535 horas formativas, das cales: 100 horas son formativas, 160 horas son prácticas (realizaranse nun centro de libre elección do alumnado e 240 horas validaranse coa realización dunha proba de acceso antes do inicio do curso, que se celebrará en lugar e data pendentes de concretar.

## REQUISITOS DE INSCRIPCIÓN

- Estar en posesión do título de Graduado en ciencias da Actividade Física e do Deporte ou do título de Técnico en Actividades Físico-deportivas.
- Superar a proba de acceso ao curso.

## OBXECTIVOS DO CURSO

Velar pola seguridade das persoas usuarias de espazos acuáticos naturais, previndo situacións potencialmente perigosas e intervindo de forma eficaz ante un accidente ou situación de emerxencia.

## PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO

Proba específica de acceso (coa súa realización cualificada como apta acreditaranse 120 horas de cada curso).

Descrición da proba de acceso, que se deberá realizar para ser admitida/o no curso:

- A aspirante situada no poio da piscina, introdúcese na auga (de pé ou de cabeza - a proposta do tribunal), e deberá mergullarse ata o fondo da piscina (mínimo 1'8 metros de profundidade).
  - A continuación percorrerá en apnea prolongada unha distancia de 10 a 15 metros.
  - Ascenderá á superficie e completará os primeiros 25 m nadando a estilo libre.
  - Posteriormente percorrerá 25 metros a estilo crol coa cabeza fóra, mantendo a visión fóra da auga, orientación e observación da contorna.
  - Seguidamente realizará 50 metros a braza.
  - Unha vez que remate o percorrido anterior, colocará as aletas situadas nun extremo do bordo do vaso manténdose en flotación dinámica (cada aspirante achegará as súas aletas).
  - Unha vez colocadas as aletas percorrerá 50 metros nadando a costas.
  - E a seguir nadará 50 metros a crol, cos que finalizará a proba.
- Esta proba deberá ser completada nun tempo máximo de 5 minutos 30 segundos; en caso de non ser superada nese tempo, no se poderá realizar o curso.

A data da convocatoria desta proba será comunicada ao alumnado tan pronto como se confirmen as instalacións para a súa realización.

## CONTIDOS DO CURSO

### CAFD EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS

MÓDULO FORMATIVO		Duración total en horas
CAFDO-IA-1	PROBA ESPECÍFICA	120
CAFDO-IA-2	PREVENCIÓN DE SITUACIÓNS DE RISCO E VIXILANCIA EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS	15
CAFDO-IA-3	INTERVENCIÓN E RESCATE EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS	25
CAFDO-IA-4	PRIMEIROS AUXILIOS E ACTUACIÓN INICIAL EN EMERXENCIAS NAS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS	25
CAFDO-IA-5	PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS	80
TOTAL (120 PROBA DE ACCESO + 65 DE FORMACIÓN + 80 PRÁCTICAS PROFESIONAIS)		265

### CAFD EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS

MÓDULO FORMATIVO		Duración total en horas
CAFDO-IA-1	PROBA ESPECÍFICA	120
CAFDO-IA-2	PREVENCIÓN DE SITUACIÓNS DE RISCO E VIXILANCIA EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS	20
CAFDO-IA-3	INTERVENCIÓN E RESCATE EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS	25
CAFDO-IA-4	PRIMEIROS AUXILIOS E ACTUACIÓN INICIAL EN EMERXENCIAS NAS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS	25
CAFDO-IA-5	PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS	80
TOTAL (120 PROBA DE ACCESO + 65 DE FORMACIÓN + 80 PRÁCTICAS PROFESIONAIS)		270

## PREZO DO CURSO

A cota da matrícula é de 35 € para a realización da proba de acceso.

Cando se supere a proba de acceso, deberanse abonar os 360 € restantes.

## PERÍODO DE MATRICULACIÓN

Do 24 de abril ao 15 de maio de 2018.

O curso ten **prazas limitadas**.

A inscrición realízase por rigorosa orde de chegada da solicitude á federación.

Coa matrícula do curso inclúese:

- Licenza federativa (inclúe seguro de accidentes e de responsabilidade civil)
- Textos do curso
- Bolsa portadocumentos e bolígrafo
- Dereito de asistencia a clase
- Dereito de realización de todos os exames.
- Titulación acreditativa.

## LUGAR DE REALIZACIÓN

- A proba de acceso ao curso celebrarase o día **18 de maio**, na Piscina de Rianxo. Confirmarase o horario unha vez rematado o proceso de matrícula do curso.
- A parte teórica e práctica do curso desenvolverase no Concello de Rianxo, na praza de Castelao, 1 (15920 Rianxo).

## DATA E HORARIO DO CURSO

Do 19 de maio ao 14 de xuño de 2018.

Xoves: de 08.30 a 16.30 h

Venres: de 08.30 a 16.30 h

Sábados: de 10.00 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00 h

Domingos: de 10:00 a 14:00 horas

## DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A INSCRICIÓN

### Documentación que se debe achegar para realizar a proba de acceso:

- A folia de matrícula cuberta cos datos persoais (xuntamos formulario nesta convocatoria).
- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da titulación de CAFD o TAFAD.
- 2 fotos tamaño carné.
- Xustificante de ingreso na conta **SABADELL: ES42 0081 2186 8300 0116 3022** por importe de 35 €. Ao realizar o ingreso deberá especificarse: **PROBA DE ACCESO CAFDO INSTALACIÓNS ACUÁTICAS E ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS + nome e apelidos da aspirante.**

### Documentación que se debe achegar para a matrícula do curso (unha vez superada a proba de acceso):

- Xustificante de ingreso na conta **SABADELL: ES42 0081 2186 8300 0116 3022** de 395 €. Especificar no ingreso: **CURSO CAFDO INSTALACIÓNS ACUÁTICAS E ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS + nome e apelidos da aspirante.**

Para realizar a matrícula cómpre:

Enviarnos por correo-e a [fessga@fessga.es](mailto:fessga@fessga.es) a documentación, ou ben entregala en man ou por correo postal nas oficinas da FESSGA antes da data estimada de finalización do período de matriculación (Rúa Gambrinus, nº 151. Módulo 0. Nave 3. 15008. A Coruña).

## MÁIS INFORMACIÓN

Máis información na *Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia* (FESSGA), no teléfono 981977120 ou a través do correo-e: [fessga@fessga.es](mailto:fessga@fessga.es)